

PROGRAMACIÓN EDUCACIÓN INFANTIL

CEIP DE PONZOS

CURSO 2019-2020

As finalidades da Educación infantil, segundo o *Decreto 330/2009, do 4 de xuño*, contemplan entre outras a intención de contribuír ó desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual dos nenos e as nenas, así como a elaboración dunha imaxe positiva e equilibrada de sí mesmos e adquisición de autonomía persoal, facilitando o descubrimento das posibilidades do corpo e do movemento e os hábitos de control corporal.

En canto á relación da programación coas **competencias clave**, e a pesar de non existir unha “competencia motriz”, contribúese á **Competencia en comunicación lingüística** a través do uso do diálogo para a resolución de conflitos, nas fases de información e reflexión das sesións, a través do emprego de vocabulario específico, etc.; traballarase a **Competencia dixital** a través do contacto co vídeo e a música nas sesións; contribúese á **Competencia matemática e Científico Tecnolóxica**, a través do traballo cos números, distancias, traxectorias, velocidades, xiros, , etc.; por outro lado, incídese no **coñecemento e interacción co mundo físico** a través do coñecemento do corpo e a súa relación cos obxectos, co entorno e coa saúde; en canto á **competencia social e cidadá**, incídese nela coa resolución pacífica de conflitos, coas actividades grupais e cooperativas...; á **Conciencia e expresións Culturais**, por exemplo, a través da expresión corporal ou dos xogos populares e tradicionais...; a **competencia para aprender a aprender** favorécese cunha metodoloxía construtivista e, por último, o control e dominio do propio corpo, as rutinas e a adaptación ás actividades novas contribúe á **autonomía e iniciativa persoal**.

Igualmente, os obxectivos da E.I. reflicten aspectos como coñecer o seu propio corpo e o dos outros, as súas posibilidades de acción, adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais, iniciarse nas habilidades do movemento, o xesto e o ritmo, etc.

Partindo disto, e a pesar de que a Educación Física non existe como área dentro do currículo do segundo ciclo de educación Infantil, consideramos que os obxectivos e contidos incluídos tradicionalmente no currículo de E.F. están moi presentes na etapa infantil, pero que deben ser tratados dentro da globalidade propia desta etapa.

Así, o que sigue é unha programación das “Clases de E:F”, pero non da “Área”, partindo da idea de facer actividades que pola súas características son dificilmente realizables na aula ordinaria.

De xeito resumido, centrarémonos principalmente no seguinte:

Área 1. Coñecemento de sí mesmo/a e autonomía persoal

Traballaranse principalmente os bloques 1,2 e 4 desta área.

Área 2. Coñecemento do contorno.

No desenvolvemento das actividades da área anterior trataranse contidos desta tales como as cores, formas, números, elementos do contorno, normas de convivencia...

Área 3. Linguaxes: comunicación e representación.

Centrarémonos en aspectos da linguaxe verbal e, principalmente, da corporal: xesto, postura, actitude, ritmo...

Así pois, os contidos relacionados en maior ou menor medida coa Educación Física están moi presentes tamén no currículo de Educación Infantil. Tanto, que pensamos que **non é suficiente a sesión semanal impartida polo especialista de E.F.** para tratar estes contidos como se merecen, polo que o noso traballo psicomotriz complementará o realizado polas titoras das distintas aulas.

OBXECTIVOS DAS CLASES DE EDUCACIÓN FÍSICA

(Relacionados coas tres áreas antes mencionadas)

- Desenvolvemento dos aspectos perceptivo-motrices:
 1. Esquema corporal:
 - ✓ Sentidos:
 - Coñecer o mundo próximo de maneira sensorial.
 - Mellorar a agudeza e a velocidade na utilización dos sentidos.
 - Aplicar a interiorización dos sentidos nas experiencias motrices.
 - ✓ Lateralidade:

- Fixar o dominio dun segmento sobre o outro.
- Tomar consciencia da simetría corporal.
- Independizar os segmentos do resto do corpo nos movementos.
- ✓ Respiración:
 - Coñecer, percibir, interiorizar e controlar as diferentes formas que pode adoptar a acción de respirar.
- ✓ Relaxación:
 - Incrementar e diversificar as percepcións.
 - Mellorar o control tónico e postural.(repouso e movemento)
- ✓ Equilibrio:
 - Tomar consciencia das sensacións propias do equilibrio.
 - Adoptar posturas equilibradas, tanto estáticas como dinámicas.
- 2. Coordinación:
 - ✓ Coordinación dinámica xeral:
 - Incrementar e variar as experiencias motrices:
 - Desprazamentos activos e pasivos(marcha, carreira, cuadrupedia, reptacións...)
 - Saltos(arriba, abaixo, adiante, atrás, un pé, dous pés...)
 - Xiros.
 - ✓ Coordinación dinámica específica:
 - Adaptar as mans á forma dos obxectos que reciben.
 - Iniciar o lanzamento de pelotas e pequenos obxectos con precisión e distancia.
- 3. Estruturação e orientación espazo-temporal:
 - Apreciar o espazo corporal.
 - Adquirir nocións espaciais: agrupación-dispersión, dentro-fóra, diante-detrás, xunto-separado, perto-lonxe, arriba-abaxo...
 - Adquirir nocións temporais: antes-durante-despois, duración, simultaneidade, pausa...
 - Apreciación de estruturas rítmicas.
- Desenvolvemento orgánico e funcional:
 - Manter a flexibilidade.
 - Favorecer as capacidades físicas básicas.
 - Iniciar a adopción de posturas correctas.
- Desenvolvemento afectivo-social:
 - Iniciar a participación nas actividades en grupo.
 - Iniciar os hábitos básicos de limpeza e hixiene relacionados coa actividade física.
 - Expresar situacións emotivas coa linguaxe corporal.
 - Tomar contacto coa linguaxe dramática.
 - Mellorar a propia autonomía.
 - Practicar xogos e danzas sinxelas.
- Desenvolvemento cognitivo:
 - Tomar consciencia de ritmos e movementos lineais para reforzar a aprendizaxe da lectoescritura.
 - Relacionar a educación física coas outras áreas.

Secuenciación dos obxectivos por idades:

Estes obxectivos para o segundo ciclo de E. Infantil tentaranse acadar ó remate do ciclo. As actividades levadas a cabo nas clases serán semellantes para o alumnado de 4 e 5 anos, adaptándoas na idade de 3 anos á evolución do grupo con respecto á propia actividade e ó medio escolar.

Así, os obxectivos adaptaranse ás características, nivel evolutivo e madurativo de cada alumno/a, traballando deste xeito a **Atención á diversidade**. Avaliaranse dentro das áreas existentes no currículo da etapa, conforme ós **criterios de avaliación** determinados na programación de ciclo, e reflectiranse na avaliación trimestral .

Organización das clases:

As clases organizaranse en torno a un ou dous materiais manipulables, que serán o centro das experiencias en cada sesión. Isto permite (ou obriga) a sacarlle o máximo proveito a cada un dos materiais.

Os contidos trataranse de xeito global, como corresponde á metodoloxía de E. Infantil, se ben utilizando uns materiais ou outros para priorizar uns ou outros contidos.

A estrutura de cada sesión seguirá aproximadamente o seguinte esquema:

PRESENTACIÓN-ANIMACIÓN	5'-10'
MANIPULACIÓN MATERIAL TRANSFORMACIÓN MATERIAL XOGO DIRIXIDO	35'
VOLTA Á CALMA/RELAXACIÓN	5-10'

Temporalización:

Ó longo do curso impartiranse aproximadamente 30 sesións de E.F.(1 semanal), que se repartirán en 9 unidades didácticas. Aínda que se presentan como unha sucesión de U.D., na práctica serán tratadas como quebracabezas que se van construíndo de xeito simultáneo, xa que non é necesario rematar un para comezar outro, nin pensamos que se deba traballar un contido tan importante como a lateralidade (por exemplo) só nun momento do curso. O cadro seguinte presenta a orde das sesións e os materiais usados, que poderá sufrir cambios en función da climatoloxía, evolución dos grupos, novas ideas...

NOME	Nº Ses	MATERIAIS DE ITINERANCIA e Nº de SESIÓN
PRESENTACIÓN	3	Paracaídas e balón-1, Aros-2, Teas-3
OS SENTIDOS	3	Teas e frascos con olores-5, Aros e picas- 8, Pelotas-10 ANTIFACES
LATERALIDADE	2	Enredos- 12 Rolos de cartón e pelotas blandas- 27
ESPACIALIDADE e TEMPORALIDADE	3	Alfombriñas- 7, Pelotas duras e blandas- 9, Aros de cores e picas- 20
RESPIRACIÓN e RELAXACIÓN	2	Papeis de xornal e pelotas ping -pong- 11, Teas- 26
Ex. CORPORAL	2	Retroproxector e unha saba- 15, teas e marionetas- 14
COORDINACIÓNS	6	Balóns-6, Alfombras- 13, Rolos de cartón- 16 Colchóns- 17, Aros e picas- 22, Pelotas de tenis-25
EQUILIBRIOS	3	Cartóns cadrados- 18, Bancos e colchóns- 21 Enredos e zancos- 23
XOGOS... E XOGOS	4	Paracaídas- 4, Cordas- 19, Balón xigante- 24, Rodas- 28
XOGOS POPULARES	2	Mariola, peón, tirapedriñas, Petanca- 29 Bolos celtas, chave, zancos- 30

Avaliación: Ao final de cada trimestre cubriranse os estándares de aprendizaxe avaliáveis na aplicación web XADE , reflectindo o traballo realizado e os progresos e dificultades de cada neno/a.